

**POSIBLES IDEAS PARA
UNHA HOMILÍA CON NENOS
01 NOVEMBRO 2020**

**Sede santos inundando
de luz e alegría a terra**

1. VER: Quero ser feliz

- Un neno preguntou unha vez **quen fai os santos?** A avoa díxolle: “o Papa”. A avoa enganábase algo. Os santos fainos Deus, a Igrexa (o Papa) límitase a recoñecelos e a propoñelos a todos como modelos. *Hoxe é o día de todos os santos.*

- A historia dos santos é apaixonante** pois viviron o cristianismo con sobresaliente: destacan por entrega, oración, compromiso...

- Os santos son una “multitude” (Apocalipse):** nais, intelectuais, segres, adolescentes, mártires, misioneiros, tal vez os nosos avós...**Que fan?** Poñen amor, alegría, serven, fan un mundo mellor.

Coñeces a vida dalgún santo? Que fixo?

2. XULGAR: Sede santos vivindo as Benaventuranzas

- No evanxeo deste día, **Xesús ensinoulles as Benaventuranzas:** *“Felices os pobres, os que teñen fame, os perseguidos”.* E díxolles: *“Alegrádevos, a vosa recompensa será grande no ceo”.*

QUE NOS QUERE DICIR?

- Hoxe celebramos os **santos anónimos** que non saen no calendario e que son amigos de Deus, a algúns coñecemos e debémolle moito. “Es un santo”, queremos dicir que é bo, que nos axuda, cantas boas persoas pasan cada día ao noso lado.
- S. Xoán recórdanos que **“somos fillos de Deus”** e que un día seremos semellantes a el. Temos vocación de ser santos desde o bautismo.
- Os santos viven as benaventuranzas:** é dicir, que sendo pobres, estando perseguidos ou incluso chorando, confían en Deus, saben que con el todo irá ben porque é o noso amigo que nos axuda e sostén e sobre todo, con el sempre seremos felices.
- Francisco**, na súa carta sobre a santidad dinos: “As benaventuranzas son o **DNI do cristián**” (GE 63). **“Todos estamos chamados a ser santos vivindo con amor e ofrecendo o propio testemuño nas ocupacións de cada día**, alí onde cada un se encontra” (GE 14). E fálanos dos “santos da porta do lado” (GE 7).

Como ha de vivir un santo hoxe? Hai persoas cerca de ti así?

3. ACTUAR: Enche de luz e alegría a terra

- Tratade de ser santos, enchendo de alegría e luz (ver globos da portada) a familia, o colexio... Pensade en alguén que o pasa mal na pandemia.
- Sé agradecido coas persoas que son para ti axuda, exemplo...
- Facemos un cartel: “Santo é o amigo de Deus que enche de alegría e luz a terra”.

En que poderías mellorar? Que ides facer?

APOCALIPSE 7,2-4.9-14: *Vin unha multitude inmensa, de toda nación.*

Eu, Xoán, vin outro anxo que subía do oriente levando o selo do Deus vivo. Gritou con voz potente aos catro anxos encargados de danar á terra e ao mar, dicíndolles: «*Non danedes á terra nin ao mar nin ás árbores ata que selemos na fronte aos servos do noso Deus*». Oín tamén o número dos marcados, **cento corenta e catro mil**, de todas as tribos de Israel. Logo disto, vin **una multitude inmensa**, que ninguén podería contar, de todas as nacións, razas, pobos e linguas, de pé diante do trono e do Cordeiro, vestidos con vestiduras brancas e con palmas nas súas mans. E gritaban con voz potente: “*A vitoria é do noso Deus, que está sentado no trono, e do Cordeiro!*”

E todos os anxos que estaban de pé ao redor do trono e dos anciáns e dos catro viventes caeron rostro a terra ante o trono, e adoraron a Deus, dicindo: “*Amén. A loanza e a gloria e a sabedoría e a acción de grazas e o honor e o poder e a forza son do noso Deus, polos séculos dos séculos. Amén*”.

E un dos anciáns díxome: “Estes que están vestidos con vestiduras brancas quen son e de onde viñeron?”. Eu respondinlle: “*Meu Señor, ti saberalo?* El respondeume. “*Estes son os que veñen da gran tribulación: lavaron e branqueado os seus vestiduras no sangue do Cordeiro*”. Palabra do Señor.

SALMO 23 R/ *Esta é a xeración que busca o teu rostro, Señor.*

I XOÁN 3,1-3: *Veremos a Deus tal cal é.*

Queridos irmáns. Mirade que amor nos tivo o Pai para **chamarnos fillos de Deus**, pois o somos! O mundo non nos coñece porque non o coñeceu a el. *Queridos, agora somos fillos de Deus e aínda non se manifestou* o que seremos. Sabemos que, cando se manifeste, seremos semellantes a el, porque o

veremos tal cal é. Todo o que ten esta esperanza nel se purifica a si mesmo, como el é puro. Palabra do Señor.

MATEO 5,1-12 a: *Alegrádevos e rebrincade, porque a recompensa será grande no ceo.*

Narrador: Naquel tempo ao ver Xesús a multitude, subiu ao monte, sentouse, e achegáronse os seus discípulos; e abrindo a súa boca, ensináballes dicíndolles:

Xesús: - “Benaventurados os pobres no espírito, porque deles é o Reino dos ceos.

Benaventurados os mansos, porque eles herdarán a terra.
Benaventurados os que choran, porque eles serán consolados.

Benaventurados os que teñen fame e sede da xustiza, porque eles quedarán saciados.

Benaventurados os misericordiosos, porque eles alcanzarán misericordia.

Benaventurados os limpos de corazón, porque eles verán a Deus.

Benaventurados os que traballan pola paz, porque eles serán chamados fillos de Deus.

Benaventurados os perseguidos por causa da xustiza, porque deles é o reino dos ceos.

Benaventurados vós cando vos insulten e persíganvos e vos calumnien de calquera modo pola miña causa. **Alegrádevos e rebrincade, porque a vosa recompensa será grande no ceo”.**

Palabra do Señor.

(Narrador -Xesús).